

GUÍA DIDÁCTICA EBI 2

CURSO 2025-2026

1.- ÁMBITO DE COMUNICACIÓN

- 1.1 Temporalización dos contidos.**
- 1.2 Criterios de avaliación.**
- 1.3 Mínimos a acadar.**

2.- LINGUA ESTRANXEIRA- INGLÉS

- 2.1 Temporalización dos contidos.**
- 2.2 Criterios de avaliación.**
- 2.3 Mínimos a acadar.**

3.- ÁMBITO MATEMÁTICO.

- 3.1 Temporalización dos contidos.**
- 3.2 Criterios de avaliación.**
- 3.3 Estándares mínimos de aprendizaxe avaliáveis.**

4.- ÁMBITO DE CIENCIA, TECNOLOXÍA E SOCIEDADE NO MUNDO ACTUAL.

- 4.1 Temporalización dos contidos.**
- 4.2 Criterios de avaliación.**
- 4.3 Mínimos a acadar..**

5.- ÁMBITO DE DESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL E LABORAL

- 5.1 Temporalización dos contidos.**
- 5.2 Criterios de avaliación.**
- 5.3 Mínimos a acadar.**

6.- AVALIACIÓN

7.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

8.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

9.- PROMOCIÓN DO ALUMNADO. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

10.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

11. PÁXINA WEB E AULA VIRTUAL

1. ÁMBITO DA COMUNICACIÓN

1.1.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE CONTIDOS
Elementos característicos da comunicación: tipo de interlocutores, momento e lugar da comunicación.
Os medios de comunicación: variedades e características.
Distintas situación de comunicación e formas adecuadas a cada una delas.
Lectura e comentario de noticias de prensa en papel o una rede. Comentario de programa de radio e televisión.
Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar e preguntar.
interese e gusto por participar en situacións de combinación oral cun discurso organizado.
Uso dunha linguaxe non discriminatória e respectuosa cosas diferenzas.
Lectura de distintos tipos de texto: notas, folletos, anuncios...
Técnicas de comprensión lectora: título, palabras clave, ideas principais e secundarias...
Técnicas de comprensión lectora: título, palabras clave, ideas principais e secundarias...
Producción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades.
Utilización de estratexias para a produción de textos: planificación, textualización, revisión.
Aceptar e respectar as regras ortográficas do módulo e as normas propias de presentación.
Iniciación no uso dun procesador de textos para escribir, conservar e imprimir textos sinxelos.
Uso dunha linguaxe non discriminatória e respectuosa coas diferenzas.
O abecedario e a orde alfabética. Diferenzas entre o alfabeto galego e o español. O nome das letras en galego.
O nome, o adxectivo e os determinantes. Xénero e número: Diferenzas no xénero dos nomes e formación so plural entre galego e español. Concordancia.
Características do adxectivo e graos.
O verbo: Definición.
Normas básicas ortográficas. Signos de puntuación. A sílaba: sílaba tónica e átona. Ditongos e hiatos.
Acentuación gráfica das palabras agudas, graves e esdrúxulas.
Regras ortográficas de uso do B e do H.
O dígrafo – NH.
Ortografía: uso dos signos de
Realización de ditados.
Prefixos e sufixos máis usuais.-Prefixos (in-, -híper-, -hipo, súper-, - bi,-bio, des-, -sub ...) e sufixos (-íño, - echo, -on, -ísimo, -ble, -ción, -azo...).
Iniciación no uso do dicionario.
Valoración da lectura e da escritura en calquera lingua como fontes de pracer, diversión e coñecemento.
Iniciación no uso do ordenador para outras funcións: acceso a internet, correo electrónico e redes sociais.
Valoración do uso da biblioteca como fonte de información e lecer, e das normas que rexen a súa utilización.
Valoración da informática como un instrumento útil ao servizo da información e da comunicación.
2º TRIMESTRE CONTIDOS
Lectura e comentario de noticias de prensa en papel ou na rede.Comentario de programas de radio e televisión
Dedución das palabras evidentes polo contexto. Interese pola ampliación de vocabulario.
Uso dos medios de comunicación para localizar e interpretar axeitadamente informacións relacionadas co mundo do traballo.

Comprensión de textos orais de diversa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa.
Produción de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa.
Participación reflexiva en conversas, diálogos e debates sobre temas de xeito construtivo, respectando as normas que fan posible a comunicación en grupo.
Valoración da importancia da linguaxe oral e escrita como instrumento para satisfacer as necesidades de comunicación, especialmente no relacionado cos medios de comunicación.
Produción de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa.
Participación reflexiva en conversas, diálogos e debates sobre temas de xeito construtivo, respectando as normas que fan posible a comunicación en grupo.
Valoración da importancia da linguaxe oral e escrita como instrumento para satisfacer as necesidades de comunicación, especialmente no relacionado cos medios de comunicación.
Recitación de textos poéticos breves e de ditos, refráns e outras locucións populares.
Actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de comunicación social e da publicidade, mostrando especial sensibilidade ante os que supoñan algún tipo de discriminación: sexual, social ou racial.
Actitude crítica e de rexeitamento ante calquera manifestación artística que denote discriminación racial, cultural, de xénero ou social.
Diversidade de textos: prácticos receitas, prospectos, instrucións, etiquetas, recibos, anuncios por palabras, ofertas de emprego, correos electrónicos, mensaxes de texto, ...), literarios, etc.
Lectura fluída en silencio e voz alta de textos sinxelos, empregando a pronuncia, entoación e ritmo adecuados.
Comprensión de textos escritos sinxelos de distinto tipo: poemas, refráns, fragmentos literarios.
Lectura e interpretación de símbolos, imaxes, gráficos e cadros sinópticos sinxelos e usuais (sinais de tráfico, planos...)
Utilización de estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título, identificación de palabras clave, anticipación de hipótese de significado polo contexto, recoñecemento básico da tipoloxía textual, uso do dicionario. Produción de instrucións, descrições, explicacións, anécdotas sinxelas, correos electrónicos, mensaxes de texto, presentando de forma organizada os feitos, as ideas ou vivencias de acordo coa estrutura textual correspondente e empregando procedementos de cohesión e coherencia.
Utilización de estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título, identificación de palabras clave, anticipación de hipótese de significado polo contexto, recoñecemento básico da tipoloxía textual, uso do dicionario. Produción de instrucións, descrições, explicacións, anécdotas sinxelas, correos electrónicos, mensaxes de texto, presentando de forma organizada os feitos, as ideas ou vivencias de acordo coa estrutura textual correspondente e empregando procedementos de cohesión e coherencia.
Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, xeración de ideas, estrutura...). Textualización consecuencia lineal. Revisión e mellora do texto.
Uso das tecnoloxías da información e a comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.
Os pronomes persoais. Outros pronomes usuais.
O verbo: variacións de persoa, número e tempo.
As contraccións en galego.
Signos de puntuación: os dous puntos, puntos suspensivos, parénteses.
Regras ortográficas de uso do V. Palabras con V en galego e en castelán.
Ortografía do G e do J castelán
O X: diferenzas de uso co castelán.
Palabras invariables: a preposición e o adverbio.
Realización de ditados.
Consulta do dicionario en diferentes soportes para resolver dúbidas de significado ou de ortografía e gramaticais.
Comprensión e uso do vocabulario usual necesario para comunicarse na vida cotiá: sinónimos e antónimos.
<i>Léxico: as siglas máis común (institucións nacionais e internacionais, partidos políticos).</i>
Recursos derivativos: prefixos (des-, ex-, re-, vice-, contra- ...) e sufixos (-itis/-ite, -ble, -bilidade, -ería, -aría).
Palabras compostas (radiotelevisión, audiovisual,

Uso dalgunhas técnicas sinxelas para buscar e expresar a información necesaria: notas, listas, subliñados, resumos sinxelos.
Lectura guiada, comprensión e interpretación de textos literarios significativos.
Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios.
Adquisición dos recursos persoais propios dunha persoa lectora activa, desenvolvendo a capacidade crítica.
Valoración dos textos literarios como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento doutros mundos, épocas e culturas e como recurso de goce persoal.
Valoración da diversidade da lingua na nosa comunidade autónoma.
Interese e respecto pola diversidade lingüística e cultural de España.
3º TRIMESTRE CONTIDOS
Comprensión de textos sinxelos nos medios de comunicación, resumindo oralmente as ideas principais.
Uso de diferentes fontes de información de uso habitual, incluídos os medios de comunicación.
Tipos de textos dos medios de comunicación: noticias, artigos, entrevistas, documentais, anuncios publicitarios.
Medios de comunicación: noticia de opinión.
Recoñecemento no xornal das diferentes seccións que o integran.
Produción de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; organización do discurso; escoita; respecto á quenda de palabra; ...
Produción de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; organización do discurso; escoita; respecto á quenda de palabra; ...
Valoración dos elementos culturais tradicionais da comunidade que se transmiten nos textos orais: poemas, cancións, contos, refráns, ...
Lectura en voz alta de distintos tipos de texto.
Lectura en silencio e comprensión de distintos tipos de texto, deducindo o significado de palabras e expresións con axuda do contexto.
Subliñado e resumo da información relevante dun texto.
esquematización dun texto narrativo.
Desenvolvemento dun tema a partir dun esquema ou un enunciado.
Ser quen de producir de textos persoais con intención, valorando o sentido estético e a creatividade.
Recoñecemento da importancia que ten a redacción e presentación adecuada dos textos escritos (organización das ideas, vocabulario adecuado, recursos tipográficos ...)
O verbo: conjugación dos principais verbos regulares e irregulares.
A oración simple e os elementos necesarios para formala: suxeito e predicado.
A estrutura do suxeito e do predicado.
As clases de oracións.
Recoñecemento nos textos escritos das distintas clases de palabras estudadas e exploración delas realizando transformacións.
Signos de puntuación: o punto e coma, as comiñas e a raia no diálogo.
Realización de ditados.
Observación e respecto das regularidades ortográficas e morfolóxicas estudadas.
Comprensión e uso do vocabulario usual necesario para comunicarse na vida cotiá: palabras polisémicas, familias de palabras, frases feitas.
Técnicas sinxelas de ampliación de léxico: prefixos (re-, multi-,tele-, ...) sufixos (-doiro, -ancho, -axe, ...) e palabras compostas.
Identificación e valoración dos recursos literarios máis frecuentes: personificación, hipérbole, comparación, metáfora.
Recoñecemento e respecto da diversidade lingüística en España e América a través dos medios de comunicación.
Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr una competencia comunicativa integrada.

1.2.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. A lingua e os seus falantes

CA1.1. Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.

- CA1.2. Detectar de forma autónoma e en contextos próximos prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega.

- CA1.3. Recoñecer e rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal e a experiencia persoal do alumnado adulto sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.

- CA1.4. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.

Bloque 2. Comunicación oral.

CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais.

- CA2.2. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e interpretar.

- CA2.3. Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais.

- CA2.4. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.

- CA2.5. Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado, a partir de experiencias persoais e interaccións orais.

- CA2.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.

- CA2.7. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal e a experiencia persoal do alumnado adulto sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.

- CA2.8. Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.

Bloque 3. Comunicación escrita

CA3.1. Ler textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como desfrute persoal.

- CA3.2. Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.

- CA3.3. Analizar de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.

- CA3.4. Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada

situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.

- CA3.5. Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.

- CA3.6. Utilizar as bibliotecas da aula e do centro, as virtuais e outras da contorna do alumno cada vez con máis autonomía, comprendendo como se organizan e colaborando no seu coidado.

- CA3.7. Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.

- CA3.8. Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.

- CA3.9. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.

Bloque 4. Alfabetización mediática e informacional.

CA4.1. Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.

- CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira autónoma ofrecendo información extraída de distintas fontes, citándoas e recreándoas de maneira creativa.

- CA4.3. Utilizar a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas do seu funcionamento.

- CA4.4. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.

- CA4.5. Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes compartindo a experiencia da lectura.

Bloque 5. Comunicación literaria

CA5.1. Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como recurso de desfrute persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer, información e coñecemento cultural.

- CA5.2. Utilizar as bibliotecas da aula, do centro, as virtuais e outras da contorna, como escenario de actividades literarias compartidas.

- CA5.3. Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar, valorando a súa diversidade.

- CA5.4. escoitar e ler textos literarios que recollan diversidade de autoras e autores, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, valorándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira progresivamente autónoma.

- CA5.5. Producir textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.

- CA5.6. Recoñecer e interpretar recursos da linguaxe literaria e a diferenza das principais convencións formais dos xéneros.

- CA5.7. Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral, a partir da propia experiencia persoal, establecendo diferenzas entre eles e o seu uso: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.

Bloque 6. Reflexión sobre a lingua.

CA6.1. Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.

- CA6.2. Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.

- CA6.3. Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua de maneira progresivamente autónoma, formulando hipóteses e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.

- CA6.4. Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.

- CA6.5. Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.

- CA6.6. Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.

- CA6.7. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.

1.3.- MÍNIMOS A ACADAR

Comunicación oral.

- Utiliza axeitadamente os medios de comunicación de masas. Impresos audiovisuais e dixitais.
- Participa activamente en diversas situación de comunicación: diálogos, exposicións orais, con axuda, cando cumpra, de tecnoloxías da información e da comunicación.
- Diferenza entre información e publicidade.
- Expresa ideas, opinión e sentimentos con claridade.
- Responde a preguntas correspondentes a comprensión.
- Exprésase cunha pronunciación e una dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume axeitados.
- Utiliza o vocabulario axeitado.
- Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.
- Usa una linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Fai uso dos medios de comunicación escritos para informarse.
- Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, e identifica o tema e selecciona as ideas principais.
- Elabora, imitando modelos, textos orais breves e sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa.
- Aplica as normas socio comunicativas: escoita activa, espera de quendas, participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora e normas básicas de cortesía.
- Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situación de aprendizaxe.
- Comprende textos xornalísticos e identifica a súa intención comunicativa.

Comunicación escrita.

- Comprende de forma global a información global de textos escritos de uso habitual.
- Selecciona as ideas principais e secundarias.
- Elabora e presenta documentos escritos con limpeza claridade, precisión e orde.
- Usa con axuda as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir e presentar os textos. Recoñece textos sinxelos en diferentes soporte.
- Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados.
- Identifica o tema dun texto sinxelo.
- Sinala as ideas fundamentais nun texto.
- Elabora textos escritos de diversa tipoloxía: instrucións, descriucións, explicacións, anécdotas, ... utilizando elementos de cohesión e coherencia básicos.
- Le en voz alta, con precisión, diferentes tipos de textos con velocidade, fluidez e entoación adecuada.
- Le en silencio coa velocidade adecuada textos de diferente complexidade valorando a comprensión.
- Deduce o significado de palabras e expresións con axuda do contexto.
- Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.

Coñecemento e reflexión sobre a lingua

- Distingue determinante, adxectivo en palabras significativas.
- Forma o xénero e o número dos nomes en galego e en español.
- Manexa as diferentes clases de determinantes.
- Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia.
- Recoñece nun texto palabras que expresan acción ou estados.
- Aplica as normas de uso da til nos seus textos escritos.
- Aplica as normas ortográficas de uso do B e do H.
- Recoñece e utiliza o dígrafo NH en textos escritos en galego.
- Utiliza os signos de entoación e interrogación segundo as normas ortográficas do galego e do español.
- Recoñece nas palabras dun texto prefixos e sufixos.
- Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.
- Establece diferenzas entre o alfabeto galego e o español.
- Iníciase no uso autónomo do dicionario en diferentes soportes para resolver dúbidas de significado.
- Le por propia iniciativa diferentes tipos de textos en distintas linguas.
- Consulta na biblioteca de diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre libros do seu interese.
- Substitúe un nome por un pronome.
- Recoñece variacións verbais: persoa, número e tempo.
- Identifica contraccións nun texto, analizando a súa composición.
- Aplica as normas ortográficas do uso do V.
- Coñece e aplica as normas de ortografía do G e do J en castelán.
- Reproduce textos ditados con corrección aplicando as regras ortográficas estudadas no módulo.
- Identifica as siglas máis comúns que aparecen nos medios de comunicación.
- Recoñece en textos as palabras compostas.
- Expresa a información necesaria para a organización das tarefas diarias.
- Programa tempos de lecer para a lectura de diferentes textos en función dos seus gustos.
- Identifica sinxelos textos literarios de diferentes xéneros.

- Utiliza con corrección os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo
- de todos os verbos ao producir textos orais e escritos.
- Identifica o suxeito/grupo nominal e predicado na oración simple.
- Recoñece en textos as distintas clases de oracións simples pola súa intención comunicativa.
- Coñece, recoñece e usa palabras polisémicas ou frases feitas na expresión oral e escrita.
- Interpreta con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios.

2. LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS

2.1.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE. CONTIDOS
Presentacións e saúdos (Hello, what is your name? How are you?
As cores
Os números ata 10 e as horas
Vocabulario : os animais
What is it? It is a...? Yes, it is – No, it is not
O grupo nominal: posición do adxectivo e adxectivos usuais
Vocabulario: os alimentos
I like/ I don't like /Do you like? Yes, I do- No, I don't
2º TRIMESTRE. CONTIDOS
Presentacións e saúdos : Wher are you from? I am from...
Países e xentilicios
Vocabulario: a familia, a casa.
This is the / a / my
As accións
Uso do presente do verbo CAN
Os traballos
He is (a) / She is (a)
Conxugación de verbos: LIKE, LOVE, WANT (afirmativo, negativo, interrogativo)
3º TRIMESTRE. CONTIDOS
Presentacións e saúdos: Nice to meet you.
Vocabulario: a roupa
How much is it / the ? It is ...
Os números do 20 ao 100
Vocabulario: o tempo (Today is...)
Can I have...?
Conxugación do verbo TO BE en forma afirmativa, negativa e interrogativa
Conxugación dos verbos LIVE, HAVE
Manexo do diccionario

2.2.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Dispoñer de habilidades lingüísticas básicas que permitan orientarse nun contexto angloparlante e participar en situacións comunicativas simples.
2. Valorar o inglés como principal lingua compartida no mundo, utilizando as destrezas básicas que permiten unha interacción respectuosa e elemental con colectivos non hispanofalantes.
3. Aproveitar os medios dixitais á súa disposición para resolver dúbidas e ampliar coñecementos sobre a lingua inglesa.
4. Adquirir o léxico elemental necesario para expresar conceptos descritivos simples (cores e adxectivos básicos (*big, small*) e de cantidade, espazo e tempo.

2.3.- MÍNIMOS A ACADAR

- Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Hello, goodbye, thank you).
- Pregunta e responde sobre o nome, as cores, o número de teléfono, a hora, os animais, a comida e os obxectos.
- Pronuncia palabras e frases cotiás da lingua estranxeira de forma comprensible.
- Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.
- Usa con corrección os signos de exclamación e interrogación en frases sinxelas.
- Localiza a posición do adxectivo dentro do grupo nominal.
- Utiliza o determinante artigo (the), demostrativo (this) e indefinido (a).
- Escoita e comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
- Escribe frases sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.
- Utiliza os números ata 10 en diferentes situacións comunicativas.
Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you, thank you, ...)
- Capta o sentido global de discursos lentos, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá, articulados con coidado e coas suficientes pausas orais para asimilar o significado.
- Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.
- Escoita e comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
- Escribe frases sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.
- Expresa e identifica o permiso, a axuda, a habilidade e a prohibición en forma afirmativa, negativa e interrogativa.
- Enuncia frases sobre o que lle gusta e o que non lle gusta en forma afirmativa e negativa.
- Pregunta sobre os gustos dos demais (Do you like ...?) con resposta afirmativa ou negativa.
- Utilizar os números ata 20 en distintas situacións comunicativas.
- Conxuga o tempo presente de verbos usuais en forma afirmativa, negativa e interrogativa respectando as regularidades verbais.
- Realiza afirmacións, preguntas e respostas afirmativas e negativas sobre a posesión.
- Manexa un procesador de texto para a elaboración de producións escritas de diversa tipoloxía textual.
- Amplía o vocabulario mediante o desenvolvemento de diversas actividades.
- Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, hi, goodbye, see you, nice to meet you, thank you, ...)
- Realiza cuestións relacionadas co prezo dun servizo ou produto e comprende a resposta.
- Comprende textos moi breves e sinxelos, utilizando estratexias básicas de comprensión lectora.
- Emprega en situacións de comunicación o presente do verbo to be nas súas formas afirmativa, negativa e interrogativa.
- Realiza peticións utilizando a estrutura Can I (have)...?
- Expresa e entende o desexo.
- Escoita e comprende palabras e frases simples en textos sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
- Escribe frases sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.
- Pregunta e responde sobre o prezo (How much is it? It's (one) pound.) e o tempo Today is...)
- Utilizar os números ata 100 en diferentes situacións comunicativas.
- Utiliza dicionarios e glosarios bilingües analóxicos ou dixitais para resolver cuestións léxicas e ortográficas.

3. ÁMBITO MATEMÁTICO

3.1.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE. CONTIDOS
Números naturais, enteiros, decimais e fraccións.
A numeración romana.
Operacións con números naturais. Operacións combinadas.
Resolución de problemas tomados da vida cotiá en que haxa que aplicar as operacións básicas.
Operacións con números decimais: suma, resta, multiplicación.
Potencias.
Múltiplos e divisores. Divisibilidade. MCD e MCM
Porcentaxes e proporcionalidade
Fraccións. Operacións con fraccións
Repaso e probas escritas
2º TRIMESTRE. CONTIDOS
Operacións combinadas con números enteiros e con fraccións
As medidas de superficie, de lonxitude, masa, tempo.
A capacidade e o volume.
O sistema sexagesimal. Ángulos
A moeda
Uso do cálculo mental e da calculadora para resolver as operacións estudadas
Escalas: mapas e planos.
Divisibilidade.
Repaso e probas escritas
3º TRIMESTRE. CONTIDOS
Figuras xeométricas
Figuras irregulares.
Poliedros
Regularidades e simetrías
Táboas de frecuencias absolutas e relativas.
Análise crítico de gráficos.
Repaso e probas escritas

3.2.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1 Sentido numérico

- CA1.1. Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe. OBX7
- CA1.2. Comprender problemas da vida cotiá e da contorna a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica. OBX1
- CA1.3. Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección. OBX2
- CA1.4. Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma. OBX2
- CA1.5. Formular conxecturas matemáticas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma autónoma ou guiada cando sexa necesario. OBX3
- CA1.6. Formular novos problemas sobre situacións cotiás e relacionadas coa experiencia persoal e laboral que se resolvan matematicamente. OBX3

- CA1.7. Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.OBX4
- CA1.8. Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá nos ámbitos familiar, académico e laboral para resolver problemas en contextos non matemáticos.OBX5
- CA1.9. Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.OBX6

Bloque 2. Sentido da medida

- CA2.1. Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.OBX8
- CA2.2. Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.OBX2
- CA2.3. Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.OBX2
- CA2.4. Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.OBX2
- CA2.5. Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.OBX5
- CA2.6. Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.OBX5
- CA2.7. Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.OBX6
- CA2.8. Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.OBX6

Bloque 3. Sentido espacial

- CA3.1. Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos. OBX8
- CA3.2. Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.OBX1
- CA3.3. Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.OBX2
- CA3.4. Formular conxecturas matemáticas investigando patróns, propiedades e relacións de forma autónoma ou guiada cando sexa necesario.OBX3
- CA3.5. Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.OBX5
- CA3.6. Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.OBX5
- CA3.7. Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.OBX6
- CA3.8. Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.OBX6

Bloque 4. Sentido alxébrico e pensamento computacional

- CA4.1. Ser consciente das emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, traballando así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos. OBX7
- CA4.2. Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.OBX1
- CA4.3. Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.OBX2
- CA4.4. Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.OBX2
- CA4.5. Formular conxecturas matemáticas de dificultade progresiva investigando patróns, propiedades e relacións de forma autónoma ou guiada cando se demande. OBX3
- CA4.6. Modelizar situacións da vida cotiá utilizando, de forma pautada, principios básicos do pensamento computacional. OBX4

- CA4.7. Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.OBX4
- CA4.8. Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.OBX5
- CA4.9. Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.OBX6

Bloque 5. Sentido estocástico

- CA5.1. Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos. OBX8
- CA5.2. Comprender problemas da vida cotiá e da contorna a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica. OBX1
- CA5.3. Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.OBX1
- CA5.4. Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.OBX2
- CA5.5. Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma autónoma ou guiada.OBX3
- CA5.6. Formular e expor novos problemas sobre situacións cotiáns que se resolvan matematicamente.OBX3
- CA5.7. Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.OBX5
- CA5.8. Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.OBX6

Bloque 6. Sentido socioemocional

- CA6.1. Ser consciente das emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, traballando así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos. OBX7
- CA6.2. Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe. OBX7
- CA6.3. Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.OBX8
- CA6.4. Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.OBX8
- CA6.5. Formular conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma autónoma ou guiada.OBX3
- CA6.6. Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos, mobilizando coñecementos e experiencias propios.OBX5
- CA6.7. Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá do alumnado adulto para resolver problemas en contextos non matemáticos.OBX5
- CA6.8. Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.OBX6

3.3.- MÍNIMOS A ACADAR

NÚMEROS E OPERACIÓNS

- Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números, utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
- Identifica os números romanos.
- Realiza mentalmente cálculos numéricos sinxelos utilizando a numeración e as operacións básicas estudadas.
- Utiliza os recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas de aprendizaxe e da vida cotiá.
- Resolve problemas sinxelos da vida cotiá aplicando estratexias persoais de resolución e

aplicando as operacións básicas estudadas.

A MEDIDA. ESTIMACIÓN E CÁLCULO DE MAGNITUDES

- Expresa medidas de lonxitude, masa, tempo, superficie, utilizando as unidades máis adecuadas á magnitude que se mide.
- Realiza estimacións de medidas, seleccionando as unidades e instrumentos máis axeitados, de acordo co tipo e coa cantidade da magnitude que se quere medir.
- Representa os espazos e períodos de tempo a diversas escalas empregando as unidades de medida e as súas equivalencias.
- Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema).

XEOMETRÍA

- Emprega o razoamento matemático para clasificar as figuras xeométricas estudadas de acordo con criterios libremente elixidos e preestablecidos.
- Analiza patróns numéricos e xeométricos expresándoos mediante regras simbólicas cando é posible.
- Colabora activa e responsablemente no traballo en equipo, manifestando iniciativa para resolver problemas que implican a aplicación dos contidos estudados.

TRATAMENTO DA INFORMACIÓN, AZAR E PROBABILIDADE

- Obtén información concreta a partir da consulta de mapas e planos.
- Representa espazos concretos mediante planos sinxelos.
- Utiliza planos e mapas con escala para orientarse por lugares descoñecidos.
- Sitúase no plano, no espazo e no tempo coa axuda de representacións matemáticas: sistema de coordenadas.

NÚMEROS E OPERACIÓNS

- Utiliza os recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas de aprendizaxe e da vida cotiá.
- Ordena números enteiros por comparación, representación na recta numérica e transformación duns en outros.
- Resolve problemas sinxelos da vida cotiá aplicando operacións básicas con números decimais e enteiros, aplicando estratexias persoais de solución.
- Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 y 10.
- Calcula tódolos divisores de calquera número menor que 100.
- Calcula o m.c.m. e o m.c.d.
- Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.

A MEDIDA. ESTIMACIÓN E CÁLCULO DE MAGNITUDES

- Expresa con precisión medidas de superficie e tempo, usando os múltiplos e os divisores máis comúns e realizando conversións cando sexa necesario.
- Relaciona a linguaxe cotiá e académico coa linguaxe matemática.

XEOMETRÍA

- Calcula o perímetro e a superficie das formas estudadas.
- Aplicación do cálculo de áreas e perímetros das figuras xeométricas estudadas á resolución de problemas tomados da vida cotiá.
- Relaciona a linguaxe cotiá e o académico coa linguaxe matemática empregando expresións e representacións xeométricas.

TRATAMENTO DA INFORMACIÓN, AZAR E PROBABILIDADE

- Recolle e clasifica datos cualitativos e cuantitativos, de situacións do seu entorno, utilizándoos para construír gráficos sinxelos.
- Utiliza distintas formas de organizar e representar un mesmo conxunto de datos e obtén información a partir deles.
- Comprende e usa termos básicos de estatística a partir da análise de mostras de datos sinxelos e habituais no seu entorno.
- Elabora e presenta gráficos e táboas de forma ordenada e clara.

NÚMEROS E OPERACIÓNS

- Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais), utilizando razoamentos apropiados.
- Relaciona a linguaxe cotiá e o académico coa linguaxe matemático empregando fraccións, números mixtos, potencias.
- Realiza cálculos numéricos mediante diferentes procedementos: cálculo mental, tenteo, algoritmos, calculadora.
- Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10.

A MEDIDA. ESTIMACIÓN E CÁLCULO DE MAGNITUDES

- Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.
- Utiliza os múltiplos e submúltiplos do euro e establece equivalencias entre moedas e billetes.
- Utiliza os recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas de aprendizaxe e da vida cotiá.

XEOMETRÍA

- Emprega o razoamento matemático para clasificar figuras xeométricas de acordo con criterios libremente elixidos ou preestablecidos
- Describe obras de arte que conteñen elementos xeométricos.
- Realiza simetrías, translacións e rotacións.

TRATAMENTO DA INFORMACIÓN, AZAR E PROBABILIDADE

- Lee, interpreta e realiza representacións gráficas sinxelas a partir dunha serie de datos relacionados con situacións da vida diaria.
- Comprende e usa termos básicos de estatística a partir da análise de mostras de datos sinxelos e habituais no seu entorno.

4. ÁMBITO DE CIENCIA, SOCIEDADE E TECNOLOXÍA

4.1.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE. CONTIDOS
O noso Universo.
O Universo: orixe, estrutura e compoñentes básicos.
Os movementos dos corpos celestes e os seus efectos.
A Terra, un planeta do sistema solar.
Xeografía Física.
Cartografía e escalas.
Localización na terra, paralelos e meridianos.
O tempo atmosférico. Mapa do tempo.
Xeografía humana, política e económica
Poboación europea e española. Taxa de natalidade e esperanza de vida. Distribución e evolución.
Desigualdade demográfica no mundo. Movementos migratorios.
Dereitos e deberes da cidadanía europea.
Economía europea e española.
Materia inerte
Contaminación e efectos nos ecosistemas. Actividades humanas que inflúen negativamente no medio ambiente: contaminación do aire, auga e solo.
2º TRIMESTRE. CONTIDOS
Tecnoloxía
Circuitos eléctricos. Materiais condutores e illantes.
Pancas, poleas, rodas e engrenaxes. Funcionamento, tipos e usos.
Máquinas e aparellos. Tipos e funcionamento dos principais inventos tecnolóxicos.
Materia inerte
Forzas e obxectos. Formas de deformación e movemento.
Formas de enerxía.
Fontes de enerxías renovables e non renovables.
Electricidade e magnetismo.
Ecosistemas e seres vivos
Estrutura dos seres vivos.
A célula. Tecidos, órganos e aparatos.
Organismo unicelulares e pluricelulares. Virus.
Ecosistemas: biótomo e biocenoses.
Interaccións entre os elementos dun ecosistema.
Funcionamento do corpo humano.
Función de nutrición. Os aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.
Función de relación. Os órganos dos sentidos, sistema nervioso e endócrino. Aparello locomotor.
3º TRIMESTRE. CONTIDOS
Perspectiva histórica
.A perspectiva histórica: a historia persoal e familiar.
.As pegadas do pasado no contorno próximo.
Os grandes avances nas etapas da historia.
.Feitos históricos relevantes.
.A repercusión da historia na situación actual.
Os medios de comunicación de masas.
Xeografía humana, política e económica
.Constitución Española de 1978 e o Estatuto de Autonomía de Galicia como normas fundamentais da convivencia.
Órganos de goberno e organización territorial de España.
Galicia como comunidade autónoma. Os seus símbolos.

A Unión Europea. Principais organismos internacionais.
Tecnoloxía
.A ciencia e as súas repercusións na sociedade. Presente e futuro.

4.2.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. Cultura científica

- CA1.1. Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede. OBX5
- CA1.2. Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, a través da observación, mostrando e mantendo a curiosidade. OBX1
- CA1.3. Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, e utilizada en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural. OBX1
- CA 1.4. Realizar investigacións, análise de resultados e comunicación de conclusións empregando a linguaxe científica, así como realizar experimentos guiados dun xeito seguro con diferentes técnicas de indagación, instrumentos apropiados e rexistros precisos. OBX1

Bloque 2. A vida no noso planeta

- CA2.1. Coñecer a estrutura e organización dos seres vivos identificando as súas características e funcións. OBX3
- CA2.2. Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados. OBX3
- CA2.3. Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel. OBX3
- CA2.4. Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do medio natural, a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade. OBX3
- CA2.5. Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais. OBX2
- CA2.6. Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene e a prevención de accidentes e enfermidades. OBX2
- CA2.7. Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, fomentando relacións afectivas saudables e reflexionando sobre o uso adecuado de novas tecnoloxías e a xestión do tempo libre. OBX2

Bloque 3. Materia, forzas e enerxía

- CA3.1. Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural e da materia a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados. OBX3
- CA3.2. Recoñecer e explicar as diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá e a súa influencia no desenvolvemento sustentable. OBX4
- CA3.3. Participar con actitude emprendedora na procura, no contraste e na avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna. OBX4
- CA3.4. Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna a partir do uso de máquinas simples e compostas. OBX4

Bloque 4. Tecnoloxía e dixitalización

- CA4.1. Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía, identificando os seus riscos e os beneficios na sociedade. OBX6
- CA4.2. Formular problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou solución dixital, avaliando as necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos. OBX6

- CA4.3. Diseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de proxectos de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos. OBX6
- CA4.4. Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, os dispositivos, as técnicas e os materiais adecuados. OBX6
- CA4.5. Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos. OBX5

Bloque 5. O mundo e o desenvolvemento sustentable

- CA5.1. Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados. OBX3
- CA5.2. Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen. OBX3
- CA5.3. Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, cos coidados, coa corresponsabilidade e coa protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna. OBX4
- CA5.4. Participar con actitude emprendedora na procura, no contraste e na avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna. OBX4

Bloque 6. Vivir en sociedade

- CA6.1. Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e pola igualdade de xénero. OBX8
- CA6.2. Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade. OBX8
- CA6.3. Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta, e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte do Estatuto de autonomía, da Constitución española e da Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, da seguridade integral cidadá e no recoñecemento das vítimas da violencia. OBX9
- CA6.4. Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das deputacións e comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea, valorando as súas funcións e a xestión dos servizos públicos para a cidadanía. OBX9

Bloque 7. Leccións do pasado

- CA7.1. Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade. OBX3
- CA7.2. Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos. OBX7
- CA7.3. Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia. OBX7

4.3.- MÍNIMOS A ACADAR

O noso Universo.

- Utiliza o vocabulario e as estruturas lingüísticas adecuadas para expresar os contidos propios das ciencias naturais e sociais.
- Comprende a importancia dos movementos dos corpos celestes e sabe explicar os seus efectos.

Xeografía Física.

- Recoñece as diferentes paisaxes do seu contorno e de Galicia, comprendendo que son produto das relacións entre axentes físicos e biolóxicos, e destacando a especial relevancia da acción sobre eles dos grupos humanos.

Materia inerte.

- Valora a importancia de manter o equilibrio dos ecosistemas.
- Relaciona diferentes estilos de consumo e a contaminación que xeran coas súas consecuencias medio ambientais a curto e medio prazo.
- Coñece as fontes de enerxía dispoñibles no planeta e os usos habituais de cada una delas e comprende o impacto económico e medioambiental que ten una actividade humana irresponsable.

Tecnoloxía

- Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.
- Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, chuvia ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.

Ecosistemas e seres vivos

- Elabora esquemas sobre os seres vivos, a estrutura dos ecosistemas e o funcionamento do corpo humano.
- Diferenza organismos unicelulares de pluricelulares e expresa as claves do seu funcionamento..

Funcionamento do corpo humano.

- Coñece a importancia da nutrición e sabe que procesos e aparellos interveñen nela.
- Comprende e explica como se leva a cabo o proceso dixestivo: a dixestión, a absorción dos nutrientes e a eliminación das sustancias de desfeito.

Perspectiva histórica

- Recoñece elementos representativos da cultura de España e de Europa.
- Cita representantes da cultura española recoñecidos de maneira internacional.

Xeografía humana, política e económica

- Coñece a xestión de servizos nos niveis de administración autonómica, provincial e local.
- Participa activamente en debates de actualidade de maneira calmada, respectuosa e argumentada en base ao seu propio xuízo crítico.

Tecnoloxía

- Coñece e explica algún dos grandes descubrimentos da humanidade.
- Coñece e explica algún dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.

5. ÁMBITO DE DESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL E LABORAL

5.1.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE. CONTIDOS
Intelixencia emocional
Estilo persoal positivo.
Riscos de personalidade.
Canalización de emocións
Participación social
Respecto e dignidade persoal.
Interculturalidade.
Altruísmo. Condutas solidarias.
Conceptos básicos de dereito.
2º TRIMESTRE. CONTIDOS
Intelixencia emocional
Resiliencia, reestruturación cognitiva.
Estratexias de resolución pacífica de conflitos.
Traballo en equipo.
Iniciativa persoal
Toma de decisións
Empregabilidade e empresa.
Entidades financeiras.
Autoemprego.
Ferramentas informáticas para a busca de emprego.
3º TRIMESTRE. CONTIDOS
Participación social
Boletíns e publicacións oficiais.
Partidos e sindicatos
Calidade de vida
Estilo de vida saudable.
Proxecto de vida familiar.
Planificación e organización familiar.
Busca e oferta de actividades de ocio.
Relacións sociais. Amizade
Apoio e redes sociais.
Adaptabilidade, flexibilidade e creatividade.

5.2.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- CA1.1. Utilizar a linguaxe para expresar as reflexións persoais e describirse dun modo axustado, autorregularse e relacionarse dun xeito positivo cos demais, resolvendo os problemas e os conflitos dun xeito pacífico; expresar procedementos, deseñar e desenvolver proxectos axeitados aos intereses, necesidades e valores persoais de acordo co contexto.
- CA1.2. Usar ferramentas dixitais que permitan consultar documentación oficial, acceder a prestacións sociais, buscar emprego ou anunciar a propia actividade profesional e facer un uso proveitoso da oferta de formación continua dispoñible para persoas adultas.

- CA2.1. Comprender e respectar a diversidade da sociedade española, valorándoa como oportunidade de colaboración para obter beneficios colectivos; ter coñecementos básicos de dereito para comprender a regulación da sociedade e participar nos diferentes ámbitos sociais.
- CA2.2. Empregar o razoamento lóxico para prever as consecuencias positivas e negativas de diferentes cursos de acción; tomar decisións de xeito fundamentado e realizar xuízos éticos ou morais sen deixarse levar por prexuízos ou emocións e atendendo ás consecuencias da decisión.
- CA3.1. Desenvolver habilidades na procura, selección e análise crítico da información dixital aplicando estratexias de busca, tratamento básico da información e distinción entre fontes fiables e non fiables.
- CA3.2. Utilizar dun xeito responsable as tecnoloxías dixitais para compartir datos e contidos nun contorno restrinxido e supervisado aplicando prácticas sinxelas de referencia e atribución, respectando as normas de etiqueta dixital. Seleccionar as tecnoloxías dixitais axeitadas de xeito guiado considerando o obxectivo.
- CA3.3. Crear e compartir contidos dixitais sinxelos, respectando a propiedade intelectual dos contidos reutilizados, distinguindo entre contidos orixinais e modificados, identificando as licenzas básicas de uso e explicando as súas diferenzas.
- CA3.4. Usar dispositivos dixitais básicos dun xeito crítico, seguro e responsable, aplicando medidas de protección, evitando riscos físicos e mentais dun uso non apropiado e desenvolvendo hábitos de uso saudable.
- CA3.5. Expresar ideas e opinións mediante a creación de contidos dixitais sinxelos en distintos formatos, procesando e reutilizando información dixital concreta e sinxela e respectando a propiedade intelectual dos contidos reutilizados.
- CA3.6. Resolver problemas técnicos básicos de dispositivos dixitais e aplicacións comúns, seleccionando as aplicacións e ferramentas dixitais axeitadas para satisfacer as necesidades persoais e profesionais.

5.3.- MÍNIMOS A ACADAR.

Intelixencia emocional

- Expresa pensamentos, intencións e posicionamentos cun estilo positivo e construtivo, destacando os logros e reformulando as dificultades como aspectos a mellorar.
- Emprega estratexias comunicativas asertivas que facilitan a resolución de conflitos de maneira dialogada.

Participación social

- Identifica vantaxes e inconvenientes dunha decisión antes de tomala, xerando alternativas persoais valiosas
- Infire correctamente o sentido das expresións e o estado emocional dos interlocutores cos que dialoga.

Intelixencia emocional

- É quen de mediar para a resolución pacífica de conflitos cotiás.
- Emprega estratexias comunicativas asertivas que facilitan a resolución de conflitos de maneira dialogada.

Iniciativa persoal

- Realiza buscas en Internet de actividades lúdicas e culturais que se están ofertando na súa comunidade ou concello.

- Acede a portais de emprego e recompila información sobre postos de traballo do seu interese.

A vida en comunidade

- Detecta a presenza de prexuízos en diversas situacións e razoa e explica as consecuencias negativas que poden ter.
- Expón interpretacións dun problema ou conflito persoal e propón estratexias para transformar os aspectos negativos en oportunidades de cambio e mellor.

6. AVALIACIÓN

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave.

A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

No nivel dous realizaranse, polo menos, tres sesións de avaliación para cada grupo de alumnos e alumnas, que serán presididas pola persoa titora. A avaliación estará diferenciada por ámbitos e módulos, incluídos os da oferta curricular propia do centro.

A avaliación será continua tendo en conta os criterios de avaliación e cualificación establecidos na programación en cada un dos ámbitos polo equipo docente. Os resultados da avaliación saíran das sesións de avaliación que realice o equipo docente e expresaranse nos termos **S** (supera) e **NS** (non supera).

A avaliación final deberá realizala todo alumno/a que non teña superadas algunha das avaliacións no momento de rematar o curso. Nese caso realizará a parte correspondente as avaliacións non superadas. En caso de só lle quedar pendente unha das avaliacións realizará exclusivamente a proba correspondente á devandita avaliación.

7. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Control e observación da asistencia, participación e aproveitamento.
- Observación sistemática, rexistro e control por parte do profesorado.
- Realización e entrega en prazo de traballos individuais e/ou en grupo.
- Valoración do traballo e esforzo persoal.
- Probas parciais orais e escritas.
- Exames finais.

8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- a) Probas escritas: 65%
- b) Tarefas realizadas en clase, orais e escritas e, participación en actividades comunicativas de produción oral e comprensión: 25%
- c) Asistencia: 10 %

Segundo acordo da CCP do 5 de setembro de 2025, o feito de superar o 20% de faltas xustificadas ou o 30% de faltas totais conlevará a perda do dereito á avaliación continua.

9. PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Ao finalizar o curso, e como consecuencia do proceso de avaliación , o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado tutor. O alumno ou a alumna accederá á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Cando un alumno ou unha alumna non promocioe deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse as veces que se consideren necesarias ata que o alumno acade a promoción de nivel ou a outra etapa educativa.

A promoción do alumnado será decisión do equipo docente na sesión final de avaliación e excepcionalmente pode facerse ao longo do curso. Para promocionar á seguinte etapa o alumnado deberá amosar que acadou os obxectivos e o nivel competencial requirido.

Para a promoción teranse en conta os seguintes criterios:

- Asistencia con regularidade e participación nas clases.
- Traxectoria do alumnado a todos os niveis. académico, de actitude, participación e disposición cara ao traballo.
- Implicación e esforzo persoal.
- Resultados da avaliación continua.
- Resultados das probas trimestrais e finais.

Excepcionalmente poderase promocionar ao alumnado á etapa seguinte (ESA) antes da avaliación final ao longo do curso cando o profesorado tutor e o equipo docente o consideren. Logo da avaliación inicial ou se o profesorado considera que a evolución do alumnado e o seu nivel competencial corresponden á ESA. Neste caso o profesorado tutor fará a proposta de promoción por escrito, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, á dirección do centro.

10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Non se utilizan libros de texto para o desenvolvemento das clases. O profesorado aportará ao alumnado materiais d elaboración propia e outros recursos que se porán a disposición a través da Aula Virtual e tamén material impreso.

Para o desenvolvemento das unidades nos distintos ámbitos contaremos con distintos materiais:

- Unidades didácticas da páxina web da Consellería de Educación, MEC,..
- Libros de lectura.
- Recursos educativos (Internet).
- Recursos elaborados polo profesorado.
- Computador.
- Aual virtual.
- Canón e proxector.
- Recursos da biblioteca.
- Biblioteca da aula.
- Recursos en rede.
- Prensa *on-line* e escrita.

11. PÁXINA WEB E AULA VIRTUAL

<http://www.edu.xunta.gal/centros/epaeduاردopondal/>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/epaeduاردopondal/aulavirtual/>

A Coruña, 15 de setembro de 2025

O equipo docente